

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8188 *Real decreto lei 10/2013, do 26 de xullo, polo que se conceden créditos extraordinarios nos orzamentos dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Defensa e suplementos de crédito para atender obrigas do Servizo Público de Emprego Estatal.*

Este real decreto lei ten por primeira finalidade proceder á concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para financiarlle ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) o Programa de incentivos ao vehículo eficiente (Plan PIVE-3) por importe de 70.000.000 de euros.

O Goberno considera necesario continuar co Programa de incentivos ao vehículo eficiente (Programa PIVE), dados os resultados favorables que se están a obter en termos de mellora da balanza comercial, de xeración de actividade económica no sector do automóbil e industrias auxiliares e noutros ligados a el (comercialización, seguros ou financiamento de bens de equipo) e, daquela, en termos de creación ou mantemento dos niveis de emprego.

Os impactos da primeira e segunda convocatoria do programa (PIVE-1 e PIVE-2) son tamén moi importantes en termos ambientais, por redución de emisións de CO₂ e contaminantes. Ambos se encadran nas políticas de mellora da eficiencia enerxética ás que está obrigado o Estado español no marco da Directiva 2006/32/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, sobre a eficiencia do uso final da enerxía e os servizos enerxéticos, e, máis recentemente, da Directiva 2012/27/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se derroga a anterior e que obriga os Estados membros a asumiren obxectivos de mellora da eficiencia enerxética no horizonte do ano 2020.

No marco desta directiva, o Estado español alcanzou xa aforros de enerxía como consecuencia dos programas de renovación do parque automobilístico equivalentes a 21,5 ktep de enerxía final, 23,3 ktep de enerxía primaria e emisións evitadas de CO₂ equivalentes a 61,3 miles de toneladas en 2012.

As bases da segunda convocatoria de axudas do Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE-2), no marco do Plan de acción 2008-2012 da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012 (E4), foron aprobadas mediante Resolución do Consello de Administración do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) do 30 de xaneiro de 2013, publicada mediante Resolución do 31 de xaneiro de 2013, da Secretaría de Estado de Enerxía («BOE» do 1 de febreiro seguinte), e modificadas mediante Resolución do Consello de Administración do 20 de marzo de 2013, publicada mediante Resolución da Secretaría de Estado de Enerxía do 20 de marzo de 2013 («BOE» do 19 de abril seguinte). O ordinal terceiro.1 desas bases asigna un orzamento de 150.000.000 de euros para o programa e o ordinal sétimo establece que o programa producirá efectos a partir do día seguinte ao da data de publicación das bases no «BOE» (que se produciu o 1 de febreiro de 2013) e que finalizará doce meses despois desa data ou, de ocorrer antes, cando se esgote o mencionado orzamento dispoñible.

Por outra parte, o ordinal terceiro.3 das bases, na nova redacción dada pola Resolución do Consello de Administración do 20 de marzo de 2013, establece que, en calquera caso, se considerará esgotado o orzamento dispoñible habilitado para a execución do programa cando se efectúe a última reserva de orzamento que totalice o importe de 150.000.000 de euros.

A boa acollida do programa fixo que a dotación de 150.000.000 de euros habilitada polo IDAE non sexa suficiente para manter a súa vixencia durante os doce meses

inicialmente previstos, xa que con data do 16 de xullo de 2013 se efectuou a última reserva de orzamento, o que implica que finalizou a vixencia do programa.

No entanto, a supresión dos programas PIVE tería un efecto negativo para o mercado do automóbil que se considera necesario evitar. Por iso, o Goberno optou por establecer unha terceira convocatoria do Programa PIVE (PIVE-3) que se enmarcaría no Plan de acción de eficiencia enerxética 2011-2020. As bases dese programa PIVE-3, conforme o procedemento establecido, serán establecidas polo Consello de Administración do IDAE.

Canto ao financiamento destas axudas, dado que no momento de adopción da medida non se dispón de crédito suficiente e adecuado nos actuais orzamentos xerais do Estado, resulta necesaria a súa habilitación mediante a concesión dun crédito extraordinario.

A non demora no aboamento das axudas para conseguir a continuidade nos beneficios explicados do programa constitúe razón de extraordinaria e urxente necesidade que xustifica a concesión do crédito extraordinario mediante real decreto lei.

Adicionalmente, mediante este real decreto lei, procédese á concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa para atender o pagamento de obrigas correspondentes a programas especiais de armamento e material.

Os programas especiais son aqueles que, tanto polo seu volume económico como pola complexidade industrial e tecnolóxica que suscitan, supoñen as máis relevantes adquisicións de sistemas de armas que realiza o Ministerio de Defensa. A execución está determinada por unha combinación de necesidades político-estratéxicas, económicas, industriais e tecnolóxicas. Ao tempo que son esenciais para a modernización das Forzas Armadas, tamén son de enorme importancia para o tecido industrial español e requiren gran cantidade de recursos financeiros.

Os programas especiais pretenden satisfacer as necesidades das Forzas Armadas españolas dotándoas dos mellores sistemas de armas, equipos e infraestruturas de apoio para o cumprimento das súas misións.

Os programas especiais teñen un sistema de financiamento baseado en anticipos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo destinados ao desenvolvemento e posterior pagamento das unidades adquiridas con cargo ao orzamento do Ministerio de Defensa, momento a partir do cal o fabricante devolve os anticipos ao Tesouro público.

A desaceleración da economía mundial e, particularmente, a española, provocou unha redución dos recursos financeiros das diferentes seccións do orzamento do Estado. Os niveis de compromiso de pagamentos alcanzados nos acordos de adhesión ou de contratación dos programas, ou de ambos, superaron a capacidade financeira orzada polo ministerio para estes conceptos. Isto obrigou a realizar sucesivas reprogramacións co fin de adaptar as previsións, reconducindo os créditos cara a aquelas partidas con maior prioridade e buscando asegurar o mantemento dos niveis mínimos que garanten a operatividade das unidades outorgándolles unha maior atención ás forzas desprazadas en escenarios de conflito e ao sostemento dos medios que garanten e mesmo melloran a súa seguridade.

A consecuencia é a necesidade de financiamento adicional que adecue as dotacións orzamentarias aos compromisos financeiros contractuais. Neste sentido, o Real decreto lei 26/2012, do 7 de setembro, aprobou un crédito extraordinario que permitiu abordar as obrigas pendentes de pagamento dos anos 2010, 2011 e 2012.

O crédito extraordinario cobre as necesidades de financiamento dos programas en 2013 e os importes que as empresas acordaron co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo devolver ao Tesouro público polo financiamento anticipado do programa.

A Administración está obrigada a atender o pagamento de obrigas contractuais e, xunto con isto, a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos a terceiros constitúen razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do crédito extraordinario mediante real decreto lei.

Por último, este real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión de suplementos de crédito para a cobertura de obrigas do Servizo Público de Emprego Estatal correspondentes a gastos de prestacións por desemprego e de bonificacións nas

cotizacións da Seguridade Social por contratación laboral, así como para compensar a diminución da recadación producida nas cotizacións por desemprego e formación profesional para o emprego.

As mencionadas necesidades de gasto son consecuencia de que as variables económicas con incidencia no ámbito do emprego amosaron en 2013 unha evolución menos favorable que a inicialmente prevista.

En abril de 2013 actualizáronse as previsións sobre diminución da poboación ocupada e o PIB real, que serán do 3,40 por cento e do 1,30 por cento respectivamente, mentres que a taxa de paro ascenderá ao 27,10 por cento.

Estas circunstancias implican que en 2013, por unha, banda se vaian producir 4.409.936.441,04 euros de maior gasto sobre o inicialmente previsto para facer fronte aos distintos tipos de prestacións por desemprego e, por outra banda, que se recaden 804.707.160,40 euros menos das cantidades estimadas no orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal. A esta contía débense engadir 232.319.147,90 euros de gastos para financiar as bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social por contratación laboral, ao dispor dunha valoración máis axustada do efecto das medidas incluídas no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade.

Ademais, débese ter en conta a existencia de gastos pendentes de imputar ao orzamento por importe de 403.610.650,63 euros procedentes dos anos 2011 e 2012, os cales xa se incluíron no cálculo do déficit dos citados exercicios.

As razóns de extraordinaria e urxente necesidade xustifícanse pola existencia de atender o pagamento das obrigas que ineludiblemente debe satisfacer a Administración sen ningunha demora, evitando así causar prexuízos a terceiros afectados.

Por todo isto, cómpre un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Emprego e Seguridade Social por contía de 5.850.573.399,97 euros con destino ao Servizo Público de Emprego Estatal. Os gastos cuxa cobertura é atendida polos suplementos de crédito que se conceden constitúen obrigas exixibles da Administración, ben que a súa contía non permite o seu financiamento con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria. Por tanto, exceptúase a aplicación do disposto nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e finánciase o suplemento de crédito no orzamento do Estado con débeda pública.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo con destino ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

1. Concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 20 «Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo», servizo 18 «Secretaría de Estado de Enerxía», programa 425A «Normativa e desenvolvemento enerxético», concepto 747 «Ao IDAE para o Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE-3)», por importe de 70.000.000 de euros.

2. O crédito extraordinario financiarase con débeda pública.

Artigo 2. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa.

1. Autorízase un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 03 «Secretaría de Estado da Defensa», programa 122B «Programas especiais de modernización», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 65 «Investimentos militares en infraestruturas e outros bens», concepto 659 «Para atender o

pagamento de obrigas correspondentes a programas especiais de armamento e material», por un importe de 877.334.595,95 euros, co seguinte detalle por subconceptos:

Subconcepto	Denominación	Importe – Euros
659.01	Fragata F-100.	2.769.950,49
659.02	Avión EF-2000	371.550.000,00
659.03	Carro c. Leopardo.	2.429.001,43
659.04	Avión A-400M.	46.602.795,60
659.05	Buque LLX	93.290.187,31
659.06	Helicóptero Tigre	88.263.170,00
659.07	Buque BAC.	28.275.030,96
659.08	Obús 155/52.	32.473.293,11
659.09	Mísil Taurus	15.085.714,00
659.10	Fragata F-105.	69.859.117,42
659.11	Buque BAM-1.	1.000.025,00
659.12	Mísil C/C Spyke	34.580.062,43
659.13	Helicóptero NH-90	75.191.048,20
659.14	Nodos CIS UME	5.965.200,00
659.15	Helicóptero EC-135	10.000.000,00
	Total.	877.334.595,95

2. Este crédito extraordinario que se concede no orzamento do Ministerio de Defensa financiarase con débeda pública.

Artigo 3. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

1. Para atender o pagamento de prestacións por desemprego e compensar a perda de recadación de cotizacións do ano 2013, así como para a cobertura do financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social acollidas a medidas de fomento de emprego por contratación laboral e para regularizar o pagamento de obrigas de exercicios anteriores, autorízase un suplemento de crédito ao orzamento da sección 19 «Ministerio de Emprego e Seguridade Social», servizo 03 «Secretaría de Estado de Emprego», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», concepto 412 «Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal», por un importe de 5.850.573.399,97 euros.

2. O suplemento de crédito que se concede no orzamento do Estado financiarase con débeda pública, sen que resulte de aplicación para estes efectos o disposto nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. O ritmo de execución dese crédito adecuarase ás necesidades financeiras do Servizo Público de Emprego Estatal, así como ás derivadas da execución do orzamento do Estado, para o cal será preceptivo o informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para cada libramento.

Artigo 4. Concesión de suplementos de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

1. O suplemento de crédito que se concede no artigo anterior ocasionará as seguintes variacións no orzamento de ingresos do organismo autónomo 19.101 Servizo Público de Emprego Estatal.

Orzamento de ingresos

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe – Euros
19.101.129.00	Cota de desemprego	-733.182.264,13
19.101.129.01	Cota de formación profesional	-71.524.896,27
19.101.400.02	Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal	5.850.573.399,97
	Total	5.045.866.239,57

2. Autorízanse os seguintes suplementos de crédito por importe total de 5.045.866.239,57 euros no orzamento de gastos do organismo autónomo 19.101 Servizo Público de Emprego Estatal:

Orzamento de gastos

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe – Euros
19.101.241A.487.03	Financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social acollidas a medidas de fomento do emprego por contratación laboral	530.234.067,62
19.101.251M.480.00	Contributivas, mesmo obrigas de exercicios anteriores	2.084.388.544,31
19.101.251M.480.01	Subsidio por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores	821.989.916,46
19.101.251M.480.02	Subsidio por desemprego para eventuais do SEASS, mesmo obrigas de exercicios anteriores	24.369.995,15
19.101.251M.487.00	Cotas de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores	980.866.731,72
19.101.251M.487.01	Cotas de beneficiarios do subsidio de desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores	154.248.911,47
19.101.251M.487.05	Cotas de beneficiarios do subsidio por desemprego para eventuais do SEASS, mesmo obrigas de exercicios anteriores	4.873.999,03
19.101.251M.488	Renda activa de inserción, mesmo obrigas de exercicios anteriores	444.894.073,81

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY